

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 16

ano 2

maio-xuño 2008

200 ANOS DA CREACIÓN DA XUNTA DE DEFENSA E ARMAMENTO DE OURENSE

Hai 200 anos, as **tropas napoleónicas**, despois de ocupar boa parte da Península Ibérica, reprimiron brutalmente o levantamento do pobo de Madrid durante os días 2 e 3 de maio de 1808. A noticia espallouse con rapidez por todo o territorio español e contaxiou dun **espírito de loita** a moitas vilas e cidades; pese a que en boa parte delas, como no caso galego, o exército francés tardaría algúns meses en presentarse.


En Galicia, o primeiro levantamento de alcance político foi o da Coruña, o 30 de maio de 1808. Ao día seguinte creouse unha **xunta de “Defensa y Armamento”** para organizar a loita e, en xornadas sucesivas, repetiuse o mesmo proceso nas restantes cidades galegas.

O documento deste número de *Fronda* é a solicitude de contribución económica que a **Xunta de Ourense** fixo ao cabido da Colexiata de Sta. María de Xunqueira de Ambía para cubrir os gastos dos combatentes españois “que ban a salir como Leones y en ánimo de no bolber hasta vencer o morir...”. Idéntica solicitude remitiuse ás restantes institucións civís e relixiosas da provincia, así como ás familias con recursos económicos.

Nun **ton épico** e grandilocuente, propio da época e da circunstancia crítica, téntase conmover aos destinatarios da solicitude a fin de estimular a súa xenerosidade, coa esperanza de que cada un deles, “penetrado del uniforme general Espíritu de Patriotismo, por la gloria de Dios, del Rey, y de la Nación, se sirba subscribir... en efectivo a la **tesorería** de esta Junta, con todo lo que pueda en apoyo de un fin tan Justo...”. Para persuadir mellor, o discurso adquire un tenor providencialista con reminiscencias bíblicas, na confianza da axuda de Deus, quen “por redimir a su pueblo [Israel], supo humillar en otro tiempo los ejércitos del Faraón”.

No documento láianse da situación de **Fer-**

nando VII “nuestro amabilísimo y jurado Rey... cautivo como en Babilonia por las máximas atroces y engañadoras del Emperador más injusto que pudo abortar la tierra”, en referencia a **Napoleón** e ás abdicacións de Baiona (Francia), nas que Fernando VII e o seu pai Carlos IV entregaron a Coroa española ao emperador francés.



1808, xuño, 10. Ourense

Solicitude de contribución económica da Xunta de Defensa e Armamento de Ourense para o exército español que loita contra os invasores franceses.

Orixinal; papel; castelán; 220 x 320 mm; 1 fol.
AHPOu, Concello de Ourense, C. 291.

De rei “deseado” a rei “felón”

A mención a Babilonia alude á reclusión de Fernando VII no **castelo de Valençay**, onde gozou dun exilio dourado ata o remate da guerra. Mentres permaneceu alí recibiu o alcume de “**el deseado**” porque a loita contra os franceses non era só para liberar ao pobo do dominio estranxeiro, senón tamén para permitir o retorno do seu monarca, “cautivo” de **Napoleón**. A este último se lle dedican no documento comentado os peores cualificativos: “maior tirano que han conocido los siglos”, “monstruo, declarado enemigo de todo nuestro bien” que actúa guiado polo “abariento y negro carácter de su alma” para acabar coa seguridade da “Patria, cuja libertad quiere reducir a esclavitud, arrancándonos de su seno entre cadenas para sepultarnos en el fuego de la Guerra”.

Hoxe sabemos que as cousas non foron exactamente así, sobre todo no que atinxe a **Fernando VII** e ás abdicacións de Baiona, nas que este actuou con grande indignidade persoal e política, segundo o patrón que guiou toda a súa traxectoria vital. Cando retornou a España en 1814, aboliu a **Constitución de 1812**, reimplantou o Absolutismo, perseguíu sen piedade aos liberais e acabou sendo bastante máis tirano que Napoleón, polo que foi alcumado o “**rey felón**”.


As xuntas de Defensa e Armamento

O certo é que a catividade do rei e, sobre todo, a ocupación de Madrid polos franceses colapsaran o aparato político e administrativo do Estado. Neste contexto de **baleiro de poder**, as xuntas de Defensa e Armamento foron a resposta popular para organizar a **resistencia ao invasor** e, de feito, presentáronse como depositarias da soberanía do rei “cautivo”. Poden considerase unha fórmula “revolucionaria”, na medida en que nacen dunha iniciativa popular que racha coas formas de poder tradicional e legalmente recoñecidas. Pero desde o primeiro momento, foron lideradas polas **elites** do final do Antigo Réxime (eclesiásticos, fidalgos, burgueses, militares...) que intentaron conducir o proceso político en función dos seus intereses corporativos ou de clase.

A principal función das xuntas locais foi a recadación de fondos para financiar a loita contra o invasor. Para coordinalas formouse unha **Xunta Suprema de Galicia** reunida por primeira vez na Coruña o 5 de xuño de 1808 e integrada por representantes das sete cidades do Reino. A cidade de Ourense enviou na súa representación a don Benito M^a. Sotelo de Novoa, fidalgo e rexedor perpetuo do Concello. Tamén se incorporou a **D. Pedro Quevedo y Quintano**, bispo

de Ourense en atención á súa “notoria virtud, sabiduría, instrucción y demás prendas que [lo] adornan”.

Cando as tropas francesas pisaron territorio galego en xaneiro de 1909, os membros das xuntas buscaron a maneira de poñerse a salvo. En consecuencia, estas deixaron de funcionar e a resistencia quedou baixo o mando militar do **marqués de la Romana**, en calidade de capitán xeneral de Galicia.



Sinaturas dos membros da Xunta de Ourense que figuran na solicitude de contribución económica de xuño de 1808.

A xunta local de Ourense

Tras A Coruña, levantouse Santiago de Compostela o 31 de maio de 1808, e tamén constituíu a súa Xunta de Defensa e Armamento. En Ourense, todo comezou a noite do 1 de xuño. As noticias do acontecido na Coruña e Santiago causaron **conmoción popular**, tocaron as campás a rebato e congregáronse os veciños diante das casas consistoriais para que as autoridades locais se pronunciasen en favor do levantamento.

De seguido, constituíuse unha **xunta local** de Defensa e Armamento integrada por representantes de distintos sectores sociais da cidade: o corrixidor Marcos A. Bonifaz, o comerciante Tomás Bobo, o cóengo Luis Folgueras, o fidalgo Pedro Ventura de Puga, etc.

A resposta dada á solicitude económica do documento comentado neste número de *Fronde* foi desigual, cuestión na que debeu influír, ademais do patriotismo, a capacidade e liquidez económica de cada quen. Así, por exemplo, fronte aos 6.000 reais entregados pola Colexiata de Xunqueira de Ambía, o **bispo de Ourense** doou a avultada suma de 128.000 reais, e o **mosteiro de Celanova** a de 100.000 reais. Tamén destacaron pola súa xenerosidade algúns particulares como a **familia Bobo** que, sumando o aportado por catro dos seus membros, alcanzou a cifra de 66.000 reais en 1808.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Pablo Sánchez Ferro e Francisco Sandoval Vereas.
D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491